

BASES PARA A PARTICIPACIÓN NO CICLO DOMINGOS A ESCENA 2016

1ª Co obxecto de contribuír a potenciar, desenvolver e estender a afección ao teatro convócase o ciclo *Domingos a Escena 2016*, que estará organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Ferrol.

2ª A participación está aberta a todos os grupos de teatro afeccionados de ámbito autonómico.

3ª Os grupos que opten á participación deberán cubrir o formulario engadido (anexo I) a modo de solicitude e acompañalo da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do CIF.
- b) Fotocopia do documento de exención do IVE.
- c) Declaración responsable de estar ao corrente do pagamento das obrigas tributarias a nivel estatal e autonómico e coa Seguridade Social.
- d) Certificado de que os seus estatutos cumpren o disposto na Lei orgánica 1/2002.
- e) Autorización da SGAE, para o caso de que a obra non sexa orixinal do grupo de teatro.
- f) DVD da obra ou enlace co fin de poder visualizar a obra.
- g) Foto promocional da obra.
- h) Ficha técnica e artística, incluída duración.
- i) Sinopse da obra.
- j) Historial da compañía ou grupo.
- k) Nome, apelidos, teléfono e correo electrónico da persoa responsable do grupo.
- l) Certificado bancario da conta da compañía teatral, onde se fará o pagamento.

A documentación que se presente deberá ser **orixinal ou copia compulsada**.

4ª A información e documentación requirida deberá remitirse no prazo de **dez días hábiles** contados **a partir da data de publicación no DOGA** do anuncio desta convocatoria para poder participar no ciclo entre os **meses de xaneiro a maio de 2016**. E deberá remitirse dende o **01.06.2016 ao 11.06.2016** para a participar no ciclo entre os meses de **setembro a decembro de 2016**, ao seguinte enderezo:

Ciclo Domingos a Escena
Concello de Ferrol
Concellería de Cultura
Praza de Armas, s/n
15402 Ferrol
e-mail: cultura@ferrol.es

5ª Non haberá limitacións ao número de grupos e propostas. Ningunha obra poderá ter sido representada anteriormente no ciclo Domingos a Escena.

6ª As actuacións terán lugar os domingos no Centro Cívico de Caranza entre xaneiro e maio de 2016 e entre setembro e decembro de 2016.

7ª Pagamentos. Cada grupo participante recibirá 550 euros brutos. Nos grupos que non pertencen a unha entidade exenta da presentación do IVE, a antedita cantidade incluírá o IVE. É necesario en todos os casos emitir factura a nome do Concello de Ferrol.

8ª As actuacións serán públicas e de balde e non se poderán utilizar en actos privados.

9ª Será por conta do persoal do grupo a carga e descarga do material, o montaxe e a desmontaxe da obra ao finalizar a representación.

10ª A documentación presentada non se devolverá e pasará a formar parte dos arquivos da Concellería de Cultura.

11ª Os grupos participantes, seleccionados ou non, aceptan as bases desta convocatoria, sen reserva ningunha.

12ª Calquera grupo seleccionado que non se presente á representación na data que se lle atribúa sen estar debidamente xustificada a súa non presentación, será automaticamente excluído para a seguinte edición.

13ª En ámbalas dúas partes do ciclo deixaranse dous grupos de reserva para posibles incidencias.

Ferrol, 09 de decembro de 2015
O Concelleiro delegado de Cultura, Ensino e Universidade,

Jesús Basterrechea López